

# O ouro pros mariñeiros

Tódolos días na neboa  
aguantando golpes de mar  
saen os mariñeiros  
pra ter algo qe papar.

Vida triste a destes homes  
soportando temporais  
pero alegría na popa  
contando as suas verdades.

Non hai home que non poida  
contar unha historia tida  
ben esquivando os tombos,  
ben salvando a vida.

Con tristura e alegría  
este é o rumbo da vida.  
e a vida dos mariñeiros  
e ter un plato de comida.

Porque éste é un oficio duro;  
e con tanto sufrimento  
Vale a pena ese traballo  
pra un mariñeiro famento?

E todo en conta o seu valor  
e o seu peito de aceiro,  
¡Quen é o que non lle concede  
a medalla a un mariñeiro

Jvana